

# *Con bargeira e remador*

V Obradoiro Internacional de Tradución Poética



Do 17 ao 22 de outubro de 2016

**Illa de San Simón - Redondela**





# Presentación

Cada ano por mediados de outubro, celébrase na illa de San Simón este Obradoiro Internacional de Tradución Poética que cumpre xa a súa quinta edición. Baixo o título de *Con barqueira e remador* desenvólvese un proxecto pioneiro en Galicia e concibido a imaxe dos que teñen lugar noutras partes do mundo. Trátase dunha experiencia de intercambio colectivo, presencial e recíproco entre seis poetas/tradutores de diferentes países. Cada un dos ou das participantes debe verter para o seu idioma a obra poética das súas cinco compañeiras/os, nunha roda de traducións literarias que se espallará unha vez de volta nos territorios de orixe.

A localización ideal para tan delicado labor atopa un potente simbolismo na illa de San Simón, berce fundacional da lírica galega e un marco ben enfocado á concentración que se persegue. Ao longo dunha semana, este traballo intensivo en Galicia terá no inglés a súa lingua vehicular. Del farán uso seis personalidades de recoñecido prestixio, tanto por seren autoras/es do máximo relevo en cadansúa lingua como polas súas traxectorias na tradución de poesía.

Lonxe de reduci-lo á súa faceta a porta pechada, o proxecto enriquecése con todo un programa de actos paralelo capaz de amosar o traballo entre os galegos e as galegas amantes da poesía. Conectando estas seis figuras das letras mundiais co rico tecido cultural da provincia de Pontevedra, tres recitais abertos e gratuítos ofrécenlle a todo o público interesado a oportunidade de gozar das últimas prácticas poéticas en croata, ucraíno, búlgaro, ruso, castelán e galego.

Patrocinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e mais polo Concello de Redondela, ademais doutras entidades colaboradoras, *Con barqueira e remador* é un evento anual enormemente singular, dirixido pola tamén poeta e dinamizadora cultural Yolanda Castaño.



# Programa de actos

## recitados poéticos multilingües

20 h ● **Mércores 19**

**Casa da Luz. Praza da Verdura. Pontevedra**

*En colaboración coa AELG e o Concello de Pontevedra.*

A mellor mostra tanto do traballo poético das/os autores/as participantes coma do labor de tradución (para o galego) durante o proxecto.

19 h ● **Xoves 20**

**Mercado Progreso 41. Ronda de Don Bosco, 41. Vigo**

*En colaboración co Festival Kerouac Vigo de Poesía e Performance.*

20 h ● **Venres 21**

**Multiúsos da Xunqueira. Redondela**

*En colaboración co Concello de Redondela.*

Peche do obradoiro no que cada poeta recita no seu idioma orixinal, seguido das versións en galego realizadas para a ocasión.

# *Participantes*







**Damir Šodan** (1964) é un poeta, dramaturgo, editor e tradutor nado en 1964 en Split (Croacia). Licenciouse en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Zagreb. Ten publicados cinco libros de poesía: *Cambios de ton* (1996), *O Mundo Medio* (2001), *Cartas a un escita salvaxe* (2009), *Café Apollinaire* (2013) e *O inimigo dentro* (2016, no prelo), dúas coleccións de pezas teatrais: *Área segura* (2002) e *A noite dos longos raios* (2009), e a antoloxía de poesía “neorrealista” contemporánea croata *Un paseo polo outro lado* (2010). Como dramaturgo, acadou o primeiro premio no certame de escrita teatral para escritores exiugoslavos e mais o premio Držić. A nivel

internacional, a súa obra ten aparecido en publicacións como *The American Poetry Review* (2007), *New European Poets* (USA, 2008), *Les Poètes de la Méditerranée* (2010), *The World Record* e *A Hundred Years' War* (UK, 2012 e 2014). Traduciu a Charles Simic, Raymond Carver, Leonard Cohen, Charles Bukowski, Richard Brautigan e Frank O'Hara para o croata. Durante dúas décadas traballou como tradutor para as Nacións Unidas na Haia (Países Baixos), onde aínda reside e onde hoxe se desempeña como escritor e tradutor *freelance*. É tamén editor asociado para as revistas *Poezija* e *Quorum*, de Zagreb, así como membro da Asociación de Escritores Croatas (HDP) e do Centro P.E.N. do seu país.





**Miriam Reyes**, poeta en lingua castelá e videocreadora, naceu en 1974 en Ourense pero aos oito anos emigrou cos seus pais a Caracas. Estudou Letras na Universidad Central de Venezuela e Filoloxía Hispánica na Universitat de Barcelona. Publicou os libros de poesía: *Especo negro* (DVD, 2001), *Bella durmiente* (Hiperión, 2004), *Desalojos* (Hiperión, 2008), *Yo, interior, cuerpo* (*Antoloxía poética*) (Arxentina, 2013), *Haz lo que te digo* (Bartleby, 2015) e *Prensado en frío* (Malasangre, 2016), ademais de dous títulos que viron a luz en tradución ao portugués e ao italiano. Editou e traduciu a antoloxía de poesía galega contemporánea *Punto de ebullición* (Fondo de Cultura Económica, 2015) ademais dalgúns poetas portugueses contemporáneos. Foi bolseira de creación na Residencia de Estudiantes de Madrid entre os anos 2004-2005, e da Fundación Roquissar de Mallorca en 2013. Ten sido incluída en antoloxías estatais e internacionais, e mantén a páxina de escrita colectiva *Prensándonos en frío* ademais da súa propia web [www.miriamreyes.com](http://www.miriamreyes.com). Desde o ano 2001 experimenta coa escritura audiovisual e mais o recital multimedia

A black and white close-up portrait of a woman, Tsvetanka Elenkova, looking directly at the camera with a slight smile. Her hair is pulled back, and she is wearing a dark, textured garment. The background is a light-colored, textured wall.

# Tsvetanka Elenkova

**Tsvetanka Elenkova** naceu en Sofía (Bulgaria) en 1968. Publicou cinco poemarios e dous libros de ensaio. A súa poesía foi traducida a quince idiomas. Dous títulos poéticos foron editados en inglés (*The Seventh Gesturee* e mais *Crookedness*) e en serbio (*Rane od slobode*). A súa obra apareceu en numerosas revistas tanto do Reino Unido coma dos Estados Unidos (*Absinthe, ILQ, MPT, Orient Express, Poem, Poetry Review, The Massachusetts Review, Zoland Poetry*) así coma en Galicia (*Luzes*). Foi invitada a varios festivais literarios, entre eles Crowd (Alemaña), Lodève (Francia), Struga (Macedonia) e Vilenica (Eslovenia), e participou nun obradoiro de tradución en Istambul. Foi responsable da escolma bilingüe *At the End of the World: Contemporary Poetry from Bulgaria* para Shearsman Books, compilando a obra de dezasete poetas do seu país. O seu poemario *Crookedness* foi finalista do Premio Nacional de Poesía “Ivan Nikolov”. As súas traducións ao búlgaro inclúen poesía de Raymond Carver, Rosalía de Castro, Bogomil Gjuzel, Chus Pato, Lois Pereiro, Manuel Rivas e Fiona Sampson. Na actualidade, é redactora xefe da editorial Small Stations Press.



Igor  
Kotjuh

**Igor Kotjuh** (nado en 1978 en Võru, Estonia) é un editor, tradutor e mediador cultural que estudou Filoloxía Estoniana na Universidade de Tartu. É o fundador e editor da editorial Kite e mais do portal literario ruso-estoniano oblaka.ee. Kotjuh asina ensaios e recensións literarias, traduce e divulga literatura rusa contemporánea para Estonia e viceversa. Recibiu varios importantes galardóns no seu país: o Premio á Figura Cultural Moza da oficina do Presidente da República de Estonia, e o Premio ao Talento Cultural de Estonia en poesía, entre outros.

Os seus poemarios en ruso son: *Когда наступит завтра?* (*Cando chegará o mañá?* 2005), *Попытка партнерства* (*Un intento en colaboración*, 2008), *Эстонский дизайн* (*Deseño estoniano*). A súa poesía ten sido traducida ao árabe, finés, sueco, noruegués, inglés, búlgaro, francés, letón, romanés, italiano e alemán. É membro da Unión de Escritores de Estonia e tamén do Centro PEN do seu país.



# Dores Tembrás


**Dores Tembrás** naceu en Bergondiño (A Coruña) en 1979. Licenciada en Filoloxía Hispánica, logo dunha bolsa predoutoral na Universidade da Coruña e varias estadias de investigación en Estocolmo, Gotemburgo, Madrid e Bos Aires, en 2008 defendeu a súa tese de doutoramento sobre Alejandra Pizarnik.

Debutou en 2009 con *O pouso do fume*, finalista do premio da AELG. Outras coleccións poéticas viron a luz en revistas literarias, libros colectivos, antoloxías ou na rede; é o caso de *Esquiagrafías*, *Diapositivas a clareo*, *Silabario* e *Opium*. En 2013 gañou o Premio de Poesía Concello de Carral co libro *Cronoloxía da urxencia* e en 2016 publica a plaquette *Auga a través*. Como autora tamén de literatura infantil, publicou o conto *E fóra o frío e dentro a luz* e o libro *O peizoque Roque* (2012). Os seus textos foron traducidos a varias linguas, e incluídos en diversas revistas, obras colectivas e antoloxías, á vez que ten participado en numerosos festivais poéticos internacionais.

En 2014 emprende un proxecto cultural coa tamén escritora Antía Otero: Apiario, unha empresa cunha área dedicada á formación e outra á edición de libros, en coleccións de poesía, literatura infantil e ensaio, tendo acadado premios importantes.

**Ostap Slyvynsky** é un poeta, tradutor, ensaísta e crítico literario nado na cidade ucraína de Lviv (ou Leópolis) en 1978. É autor de catro poemarios en ucraíno: *O sacrificio do Gran Peixe* (1998), *A liña do mediodía* (2004), *Baile na escuridade* (2008) e *Adán* (2012). Tendo poemas traducidos ata en quince linguas, a súa escolma poética *O lume constante* publicouse en polaco en 2009 e en ruso en 2013; e en 2015 o seu volume de poemas e ensaios *Area e viño* foi editado en Eslovaquia. No ano 1997 foi galardoado na Ucraína co Premio Literario B. I. Antonych, en 2009 recibiu en Alemaña o prestixioso Hubert Burda e en 2013 foille concedido o Premio da estadounidense Fundación Kovalik. Activo participante e colaborador en multitude de festivais literarios tanto na Ucraína coma no estranxeiro, el mesmo coordinou o do Forum de Editores en Lviv en 2006 e 2007. Ademais, é o editor asociado da revista literaria polaco-xermano-ucraína RADAR.

Slyvynsky traduce do búlgaro, do inglés, do macedonio, do polaco e do ruso (nomes como Czesław Miłosz, Andrzej Stasiuk, Derek Walcott ou Kenneth Koch entre moitos outros). En 2007 foille concedido o galardón da Embaixada Polaca á mellor tradución. No mesmo ano acadou o doutorado en literatura búlgara contemporánea, e na actualidade traballa dando aulas de literatura polaca na Universidade de Lviv.









Patrocinan



Colaboran

